

**NOTA DE PRENSA 004/23
27 DE MARZO DE 2023**

**MÁIS DE 200 ALUMNOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DESFRUTARON DA
PRIMEIRA PARADA DO PROGRAMA “FGA NAS AULAS”**

A Federación Galega de Automobilismo (FGA) organizou o luns 27 de marzo a primeira das actividades “FGA nas Aulas”, unha charla coloquio na que deportistas e profesionais do mundo da competición galegos falaram cos estudantes do CIFP Someso de A Coruña, no que estiveron presentes máis de 200 persoas.

Nunha semana especial para a FGA xa que esta fin de semana comezará o Campionato Galego de Rallyes coa cita coruñesa, Iván Ares (Piloto Supercampionato de España de Rallyes); Luis Vilariño (Piloto Campionato Galego de Rallyes); Iago Caamaño (Piloto Campionato Galego de Rallyes); Marcos Gregores (Mecánico no equipo Hyundai no Campionato do Mundo de Rallys) e José Antonio Martínez del Río (Xefe de Técnicos da Federación Galega de Automobilismo), compartiron vivencias e historias relacionadas coa súa traxectoria no motor.

Os temas tratados foron dende os comezos no mundo da competición, a expectativas sobre a primeira cita do calendario autonómico, o traballo dun mecánico no Mundial de Rallys e o dos técnicos do Galego e incluso os estudos e inquiredanzas persoais dos invitados.

Ademáis, houbo unha quenda de preguntas na que os estudantes mostraron as súas dúbidas en diversos temas, que foron dende a inclusión de persoas con discapacidades ata saídas profesionais relacionadas co mundo da competición.

Despois do acto, celebrado na ateigada aula magna do centro, os estudantes e invitados saíron ao exterior do recinto, onde estiveron expostos o Ford Fiesta R5, o Hyundai I20 R5, o LifeLive de Autocross e un Mitsubishi Lancer Evo X de estrada, que puideron ser vistos de preto polos asistentes que tamén fixeron preguntas técnicas aos protagonistas do día.

Dúas horas de actividade e convivencia para achegar o mundo da competición aos estudantes, nun programa que terá outras tres paradas durante este ano 2023.

